

## ISABEL JASCHEK CORVALÁN

Licenciada en Filoloxía Francesa e en Socioloxía pola Universidade de Ciencias Humanas de Estrasburgo, Francia, vinculada á Universidade de Salamanca por contrato laboral en calidade de Técnica Superior de Idiomas desde o ano 1987.

Profesora de Francés desde 1979 hasta 2012 e Directora do Servizo Central de Idiomas da Universidade de Salamanca desde 1987 hasta a actualidade.

Secretaria da Mesa de Política Lingüística da Universidade de Salamanca desde a súa creación no ano 2010 e unha das impulsoras do Plan de Internacionalización Lingüística da USAL (IngDocUSAL).

Membro da Mesa de Política Lingüística de francés da CRUE en representación da Universidade de Salamanca desde a súa creación no ano 2013.

Membro fundadora de ACLES e Secretaria da Asociación desde o ano 2000 a 2004. Na actualidade é membro asesora do Comité Executivo de ACLES.

Coordenadora do Grupo de Traballo de Avaliación de ACLES (universidades de Salamanca, Politécnica de Valencia e Autónoma de Barcelona) que estableceu o modelo de acreditación mediante exames de dominio CertAcles (años 2008 y 2009).

Actualmente, membro da Comisión de Acreditación ACLES e responsable da zona 04 (Castela e León, Galicia, Cantabria e Asturias) de acreditación lingüística mediante exame de dominio desde o ano 2011.

Coordenadora do grupo de traballo de Calidade nos centros da asociación ACLES e coautora do Cuestionario de Autoavaliación dos Centros de Linguas Universitarios (2012).